

# DESASTRONAUTS

## Máis alto aínda

### A COMPAÑÍA

Raquel Veganzones e Girisho Gordon formaron a compañía Circo Expreso no 2004 en Londres, e pasan a chamarse Desastronauts en 2011 tras a creación de *Losing Grip*. Con *Too High* estiveron de tour co circo británico Happy's Circus, actuaron na Convención Nacional de Malabares en Crawley 2004, participaron no Festival de Glastombury e en varios cabarés de circo en Londres. Debutaron co espectáculo de rúa *Calleret* en Santiago de Compostela e en distintas programacións de Galicia. A partir de aquí toman como base Compostela onde crean *Un día de Praia*, co que xiran por innumerables teatros e rúas galegas en solitario e en programacións de Culturactiva como Pistactiva e Ruactiva.

En 2010 conseguen unha bolsa da Unión Europea e sae á luz un novo traballo que dá un novo xiro á súa carreira: *Losing Grip*: unha obra, na que a acción ten lugar no aire en todo momento, arriscada, anovadora, orixinal e chea de calidade. Girisho Gordon, inglés, graduouse na escola de circo "The Circus Space" no 2002. Percorreu Europa co seu número de trapezio estático e participou como artista de circo no espectáculo de apertura das olimpíadas asiáticas en Doha, Qatar 2006. Raquel Veganzones, de Valladolid, formouse na escola de Circo Carampa, Madrid, e en "The Circus Space", Londres. Percorreu medio mundo co seu trapezio desde o Caribe ata a India.

### O ESPECTÁCULO

Unha muller forte, intelixente, atractiva e divertida topa cun home... Estúpido. El ha facer o que sexa para estar con ela, e ela fará todo o posible por escapar. Ela é dona de si mesma, el é infantil. Veremos como a súa loita frenética se vai intensificando a medida que atopan un trapezio de balanceo, cordas aéreas e un hula-hoop de lume.



### FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Raquel Veganzones, Girisho Gordon

Dirección: Raquel Veganzones e Girisho Gordon

Xéneros: circo e clown

Duración: 45 minutos

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)